

## [ Almorzos cooperativos virtuais ]

### Axudas ao cooperativismo 2021: Programa Aprod economía social

[ Actividade realizada en colaboración coa REDE EUSUMO ]

<b>DATAS REALIZACIÓN</b>	Venres 5 de Marzo de 2021	<b>DURACIÓN</b>	2 horas
<b>HORARIO</b>	09:30 – 11:30 horas		
<b>LUGAR CELEBRACIÓN:</b>	On-line ( plataforma virtual )		
<b>PERSOA DE CONTACTO</b>	Teresa Balado Barciela	<b>TELÉFONO</b>	986 866 149
		<b>E-MAIL</b>	<a href="mailto:teresa@espazo.coop">teresa@espazo.coop</a>

#### FINALIDADE E OBXECTIVOS

Desenvolver un encontro que poida servir para **que as participantes accedan a información** na temática a tratar, achegada a través de persoas experimentadas. Será un encontro informativo, e de **intercambio**, para divulgar entre as participantes as posibilidades das **axudas ao cooperativismo** entre grupos promotores , entidades cooperativas e da economía social e outras empresas que estean nun proceso de transformación empresarial ao modelo cooperativo.

Se tratará de:

- Dar a coñecer contidos específicos das **liñas de axudas do programa APROL 2021 para a Economía Social**.
- Levar a cabo casos prácticos que axuden a resolver casuística diferentes.
- Estimular o debate ao redor da temática con persoas expertas e o público participante.

#### PROGRAMA

09:30 h. - Benvida das persoas e entidades.

09:45 h.- Exposición sobre as Liñas de axudas do programa APROL 2021 para a Economía Social.

\*Novidades para empresas en transformación empresarial á fórmula cooperativa.

10:30 h.- Claves a ter en conta para a presentación das axudas.

10:45 h.- Turno de preguntas e debate.

11.30 h.- Peche da Xornada.

#### CONTIDOS

- No marco das convocatorias das liñas de apoio do **Programa APROL para a Economía Social**, ESPAZOCOOP levará a cabo esta sesión para dalas a coñecer e facilitar o intercambio de información neste ámbito concreto.

- Trala realización do encontro enviarase unha pequena enquisa de avaliación na que tamén se recollerán outras propostas de intercooperación ou contidos para outros encontros.

#### METODOLOXÍA

Propónse un método de traballo que combina a presentación inicial, coa discusión de casos, reflexións de grupo ou debates que serven para estimular e ordenar o intercambio entre participantes

Os Almorzos Cooperativos Dixitais desenvólvense cunha metodoloxía activa e participativa, que facilita o interese, a atención e o intercambio entre as persoas asistentes. Utilízanse medios audiovisuais (presentación, vídeos, enlaces webs, etc.) e realízanse actividades dinámicas de reflexión e debate, promovendo a implementación das aprendizaxes e experiencias vivenciadas na sesión.

#### DIRIXIDO A

- Cooperativas, persoas socias e responsables.
- Grupos de emprendemento.
- Empresas en proceso de transformación á cooperativa.
- Empresas en crise.
- Colectivo de persoas autónomas.
- Persoal técnico e político de entidades relacionadas co fomento do cooperativismo (asociacións de cooperativas, oficinas de fomento cooperativo, entidades da Rede Eusumo, etc.).
- Asesorías e consultorías.
- Persoal técnico de fomento do autoemprego, axentes de desenvolvemento local, técnicas/os locais de emprego.
- Persoal da Administración relacionado coa promoción do cooperativismo e a economía social, da Administración local, etc.
- Persoas interesadas en xeral.